

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE OUTUBRO DE 2010**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**Lic/1021/2009.- Ismael Munín Taboada.-** Vivenda unifamiliar e galpón na rúa Senande.

#### **PARCELACIÓN.-**

**Lic/1161/2010.- Javier Vieites Cabo e Rosario Vieites Cabo.-** Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Balado, Eixo. (+)

#### **SUBSANACION DE ACORDO.-**

**Lic/2038/2009.- Yagocasa Sociedade Cooperativa Galega.-** Construcción de 22 vivendas unifamiliares encostadas no SUNP-25 de Roxos na parcela R.1.1.

### **OCIHR**

#### **LICENZAS**

**LIC/894/2009.- D. XOSÉ LUIS TRINCADO ÁLVAREZ.-** Rehabilitación de vivenda familiar en rúa do Campo do Forno nº 42.

**LIC/166/2009.- D. OSCAR ABADES LÓPEZ.-** Rehabilitación inmoble na rúa do Medio nº 24.

**LIC/2595/2008.- D. SANTIAGO MÍGUEZ NEO.-** Reparación de cuberta e fachada na rúa Ribeira de San Lourenzo, nº 10.

**LIC/51/2010.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Limpeza da fachada das Oficinas do Arcebispado na praza da Inmaculada nº 1.

**LIC/1128/2010.- D. MANUEL GÓMEZ VÁZQUEZ EL PINTOR SL.-** Limpeza e pintado de paramentos revocados do Pazo Arcebispaal na Praza da Inmaculada nº 1.

**LIC/1911/2008.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** execución de forxado para a instalación do grupo electróxico na sede do Museo Nacional de Santiago e das Peregrinacións na Praza das Praterías.

**LIC/1970/2010.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Reparación das balaustradas da varanda da terraza no Pazo de Raxoi.

**LIC/1818/2010.- CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO.-** Restauración da torre do reloxo da Catedral de Santiago.

**LIC/1819/2010.- CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO.-** Restauración da fachada da Acibechería da Catedral de Santiago.

**LIC/1909/2010.- CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO.-** Restauración das bóvedas da Catedral de Santiago.

#### **4.- Adxudicación provisional do proxecto de restauración do Monte de Deus. Fase II.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa JARDINERÍA ARCE, SL, por importe de 101.997,89 euros.

#### **5.- Prestación do servizo de Dinamización Social, Igualdade de oportunidades, Formación e Educación de colectivos en risco de exclusión do proxecto europeo urbana, pertencente á iniciativa comunitaria "Santiago Norte" do fondo FEDER da Unión Europea.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa EULEN, SA, e EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA, por importe de 690.706,89 euros.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dos criterios de concesión das instalacións deportivas. Tempada 2010/11.**

Apróbnanse os criterios xerais considerados para establecer o reparto na reserva de uso dos equipamentos deportivos municipais por parte das entidades deportivas locais.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xestión dos campos de fútbol de Grixoa e Marrozos.**

Acórdase ceder a xestión dos campos de fútbol de Grixoa e Marrozos á Sociedade Deportiva Grixoa e á Asociación de Veciños Francisco García Beiró de Marrozos, respectivamente.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do programa "Á agua patos".**

Apróbnanse as bases e a sinatura do contrato entre o Concello e Xade para o desenvolvemento do programa, así como o orzamento do mesmo: 1500 euros. O Concello promocionará o programa nos centros de ensino, correrá cos gastos de publicidade e aboará, se procede, o custo das bolsas dos alumnos e colectivos que se determine. A empresa executará o programa correndo cos gastos correspondentes aos recursos materiais e humanos. Percibirá 40 euros por cada alumno.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao desestimento na tramitación da Modificación puntual do proxecto de urbanización do SUNP-25 de Roxos, formulado pola Xunta de Compensación.**

Inadmítase a revisión formulada por carecer de fundamento; acéptase o desestimento na tramitación da Modificación puntual do proxecto de urbanización formulado pola Xunta de Compensación, e declárase concluído o procedemento.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao pago de resto de prezo xusto e xuros no expediente de expropiación para conexións exteriores do equipamento administrativo en San Lázaro.**

Acórdase a execución das resolucións do xurado de expropiación forzosa relativa ao prezo xusto e xuros debidos de 18 parcelas do proxecto de expropiación para conexións exteriores do equipamento administrativo en San Lázaro. Importe: 36.033,41 euros, máis 14.933,77 en concepto de xuros. Así mesmo, requírese do xurado de Expropiación de Galicia o reintegro dos xuros aboados polo Concello pero que corresponden ao retraso imputable a esa administración, que ascenden á cantidade de 8.934,01 euros.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento de solicitude de exención no Imposto sobre construcións, instalacións e obras.**

Rexéitase unha solicitude.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación provisional das obras de remodelación da área de xogos de Belvís.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa LAPPSET ESPAÑA VR, SL, por importe de 99.932,22 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación provisional do subministro e instalación de equipamento para a creación dun circuito biosaudable en Fontiñas.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa HAGS-SWELEK, SA, por importe de 60.551,70 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación definitiva das obras dos accesos ao parque de Vista Alegre.**

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa JARDINERÍA ARCE, SL, por importe de 93.511,19 euros.

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do modificado do proxecto de substitución de materiais e tecnoloxías nas redes de auga e alumeadado público, creación de infraestruturas para a recollida selectiva de lixo**

**mediante colectores soterrados, e mellora de seguridade vial e mobilidade na rúa López Ferreiro.**

Apróbase o modificado do proxecto por importe de 273.664,22 euros, así como a súa adxudicación á empresa OVIGA, SL.

**16.- Proposta da concellería delegada de Educación relativa á rectificación dos acordos de 14 de agosto e 8 de setembro de 2009, referentes á adxudicación provisional e definitiva do servizo de redacción de proxecto básico e de execución dunha escola infantil en Salgueiriños.**

Rectifícase o acordo incluíndo a referencia ao financiamento comunitario das obras e a súa inclusión no Proxecto Urbana Santiago Norte.

**17.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social para dar conta da concesión dunha subvención pola concellería de Traballo e Benestar para proxectos de desenvolvemento co pobo xitano.**

Dáse conta da subvención por importe de 45.547,33 euros.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á adxudicación provisional do subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa FRANCISCO ARENAS RAMÍREZ, por importe de 31.311,43 euros.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación do concurso de proxectos: Plan de mellora para comercios en activo.**

Apróbase a xustificación e pagamento dos premios do concurso por importe total de 20.000 euros.

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude para dar conta da concesión dunha subvención da Consellería de Traballo e Benestar, para a realización de actividades dirixidas á xuventude, a promoción da información xuvenil e a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2010.**

Dáse conta da subvención por importe de 4.553,92 euros.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Parques e Xardíns para ratificar a aprobación por decreto da alcaldía do proxecto de ampliación da rede de abastecemento e saneamento en A Sionlla.**

Ratifícase a aprobación do proxecto por decreto da Alcaldía, por importe de 24.247,91 euros e un prazo de execución de 2 meses.

**22.- Dar conta da sinatura de convenios entre o Concello e diversas asociacións/entidades.**

Dáse conta da sinatura de convenios con 18 asociacións do ámbito sociosanitario.

**23.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Deputación Provincial da Coruña para o programa "Compostela Corresponsable".**

Dáse conta da subvención por importe de 26.183,73 euros.